

OBSESIÓN

Douglas Sirk, 1955

1617

ESTREA EN NUMAX: 21.10.2025 | V.O.S.E. | 108 min

Bob Merrick, un mozo multimillonario, egoísta e engreído, sofre un accidente mentres conduce unha lancha motora. No hospital aplícanlle o pulmón artificial do doutor Phillips, pero este sofre un ataque repentino e morre. A súa viúva Helen descobre daquela que está completamente arruinada porque o seu marido, sen que ela o soubera, repartía diñeiro, de maneira anónima e altruísta, entre os máis necesitados. A partir dese intre, unha serie de estrañas circunstancias manterán unidos a Helen e Bob, a pesar de teren caracteres moi distintos.



Entrevista con Douglas Sirk: «Hai unha distancia moi pequena entre a grande arte e o disparate»

Por Jon Halliday

Como transforma a historia de *Obsesión* nun filme de Sirk? A miña reacción inicial ante a historia de “Magnificent Obsession” foi de desconcerto e desalento. Porén, había nela algo irracional que me atraía. Algo demencial, en certo sentido, obsesivo, porque se trata dunha maldita historia sen sentido. A cegueira da muller. A ironía de todo isto; non ironía no sentido habitual da palabra, senón como elemento estrutural, de antinomia. Este santo marido da muller, o doutor Phillips, morre para que outro poida vivir. É unha ironía propia de Eurípides, o tema de *Alceste*: unha persoa que aplaca a morte tomando o lugar doutra.

É unha historia que tes que odiar ou amar. Ao contrario que na dirección escénica, onde ensaías en continuidade, no cinema a cousa é moi diferente. Rodas por completo sen continuidade. Rodas a escena 8, pasas á 126, tomas un plano xeral que está a 5.000 millas do estudio, volves á escena ao cabo de semanas e rematas a escena 8 que non chegaras a rematar. A igualdade de ton da escena e dos personaxes, da luz e da duración, todo iso ten que estar presente na mente do director. É o arquitecto pero tamén o albanel. E sendo un bo albanel, teño a oportunidade de namorar de cada tixelo, do formigón ben mesturado, do detalle. Pódeme gustar inmensamente unha escena sobre a que antes tiña moitas reservas, mesmo reservas hostís. Se tivese que poñer esta obra en escena no teatro non tería sobrevivido. É unha mestura de populismo, loucura e disparates. Pero a loucura é moi importante e salva un material disparatado como *Obsesión*. Isto é a dialéctica, hai unha distancia moi pequena entre a grande arte e o disparate, e o disparate que contén o elemento da loucura está, por esa mesma calidade, máis preto da arte.

Pero hai un equilibrio interno en *Obsesión*, entre a cegueira de Jane Wyman e a falsa identidade de Hudson, de forma que a película ten unha estrutura, co contraste dos personaxes, que aumenta o impacto. En case todos os meus filmes, nos que tiven man na construción da historia, hai unha sólida estruturación do guión. Non dominas sempre o teu material e eu non pretendo telo feito sempre. Pero unha das principais cuestións da arte cinematográfica, penso, é dobrigar o material ao teu estilo e ao teu propósito. Un director é realmente un dobrigador de historias. Por tanto as historias non teñen grande importancia. Unha historia deixa case sempre a posibilidade de expresar algo que vaia alén da trama ou dos valores literarios. O que conta é a linguaxe, agora ben, o lugar da linguaxe no cinema téñeno que ocupar a cámara e a montaxe. Tes que escribir coa cámara.

Nalgúns aspectos o seu melodrama de maior éxito é o filme que a precede, *O que o ceo permite*, unha completa antítese entre un personaxe vacilante e un firme e seguro. Certo. Porque no melodrama resulta de proveito ter un personaxe inmutable contra o que enfrontar aos máis débiles. Porque o público precisa ter un personaxe co que poderse identificar: o inmutable, aquel que non se altera. Precisas equilibrio e antítese, e penso que aí reside o éxito dos meus filmes. Atópase en *Anxos sen brillo* e en *Imitación á vida*, e en case calquera dos meus filmes.

Publicado en *Douglas Sirk* (John Haliday, Fundamentos, 1971)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tiempo de vivir, tiempo de revivir,
Antonio Drove.
Athenaica, 2019